

## CONVOCATORIA DOS IV PREMIOS A TRABALLOS FIN DE MÁSTER EN EDUCACIÓN DAS ÁREAS QUE COMPOÑEN O DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA DA USC

### BASES

#### Primeira. OBXECTIVO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Tendo en conta a boa acollida das anteriores convocatorias (2021, 2022, 2023), e co obxectivo de promover, fomentar e recoñecer os **Traballos de Fin de Máster en Educación** do alumnado dos mestrados vinculados ás áreas de coñecemento do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC: ***Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza; Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario e Máster Universitario en Procesos de Formación***, o Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC convoca a cuarta edición destes Premios.

#### Segunda. DESTINATARIOS/AS

Poderán presentarse a estes premios todos/as os/as estudantes matriculados/as na USC que teñan defendido durante o **curso académico 2023/2024** un **Traballo de Fin de Máster (TFM)**, e teñan sido cualificados cunha puntuación de polo menos **nove (9) puntos**, no ***Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza; Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario, e Máster Universitario en Procesos de Formación***, e que a titoría do traballo a realizara algún dos profesores e profesoras das áreas de coñecemento do Departamento de Pedagogía e Didáctica: Didáctica e Organización Escolar, Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, e Teoría e Historia da Educación.

#### Terceira. PREMIOS

Outorgaranse tres premios e mesmo un accésit, se fose o caso, a xuízo do Xurado. Coas seguintes contías (sen ter en conta as retencións establecidas):

1º Premio Fin de Máster en Educación 2022-2023 (Importe: 650 €)

2º Premio Fin de Máster en Educación 2022-2023 (Importe: 450 €)

3º Premio Fin de Máster en Educación 2022-2023 (Importe: 300 €)

Accésit ( a xuízo do Xurado) por importe de 200 €

Non se poderá conceder máis dun premio por cada unha das categorías establecidas.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado podería declararse deserto o premio en todas ou nalgunha das categorías anteriormente sinaladas.

O pagamento realizarase por transferencia bancaria á conta do beneficiario ou beneficiaria con cargo á partida orzamentaria do Departamento (21A3-3000-64600).

#### **Cuarta. SOLICITUDES**

As persoas interesadas en participar nestes premios deberán presentar, en tempo e forma, a súa solicitude (formulario do Anexo I cumprimentado) de xeito presencial na Sede Administrativa do Departamento (Facultade de Ciencias da Educación-Campus Vida), ou enviando a devandita solicitude por correo electrónico a **departamento.pedagogiaedidactica@usc.es** indicando en asunto “IV Premios a Traballos Fin de Máster en Educación da USC 2023-2024”. A solicitude irá dirixida á dirección do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, xunto coa seguinte documentación:

- Un exemplar do TFM en formato PDF e soporte USB (pendrive) no caso da entrega presencial na Sede do Departamento.
- Se a solicitude se enviase por e-mail, chegará con enviar como ficheiro adxunto unha copia do TFM en formato PDF.

Nos días seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes informarase mediante unha lista provisoria daqueles/as solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Os/As aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

O Cronograma de prazos que rexe esta convocatoria está indicado no Anexo II.

### **Quinta. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación abrirase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria na páxina web do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC e pecharase o 16 de outubro deste 2024, ás 14 horas.

### **Sexta. XURADO**

O xurado dos Premios terá a seguinte composición:

#### **Titulares:**

Presidente: Eugenio Manuel Otero Urtaza  
Secretaria: Miguel Anxo Nogueira Pérez  
Vogal 1: María del Carmen Fernández Morante  
Vogal 2: Rita Gradaílle Pernas  
Vogal 3: Julia Crespo Comesaña

#### **Suplentes:**

Presidenta: Carmen Sarceda Gorgoso  
Secretario: Igor Mella Núñez  
Vogal 1: Eduardo Fuentes Abeledo  
Vogal 2: Cristina Abeal Pereira  
Vogal 3: Ana Rodríguez Groba

#### **Criterios de valoración:**

- A orixinalidade do traballo (25%)
- As novidades das súas achegas ao coñecemento dos temas estudados (25%)
- A actualidade e calidade da súa metodoloxía (25%)
- As calidades formais dos textos: calidade da redacción, xeito de presentar e estruturar a información e calidade do aparato gráfico, caso de existir (15%)
- Documentación e/ou bibliografía utilizada (10%)

O fallo do xurado farase público, a través da correspondente resolución na páxina web do Departamento (<https://www.usc.gal/gl/departamento/pedagogia-didactica>), e mesmo noutros medios que se estimen oportunos.

Todos os actos derivados da presente convocatoria publicaranse na web do Departamento (<https://www.usc.gal/gl/departamento/pedagogia-didactica>), e mesmo noutros medios que se estimen oportunos.

A participación no concurso implica necesariamente a aceptación do que se expón nestas bases.

En Santiago de Compostela, a 17 de xullo de 2024

Miguel Anxo Santos Rego  
Director do Departamento de Pedagogía e Didáctica

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## ANEXO I

### **Formulario de Solicitud de Participación nos IV Premios a Traballos Fin de Máster en Educación (Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC)**

Nome e apelidos:

DNI:

Título do TFM:

Director/a do TFM:

Data de Defensa do TFM:

Denominación do Máster:

Teléfono (móbil) de contacto:

Correo electrónico:

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Sinatura do/a interesado/a:

**Dirección do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC**

## ANEXO II

### Cronograma

Remate do prazo de presentación de solicitudes	16/10/2024
Publicación lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as	23/10/2024
Remate do prazo para a corrección de erros e/ou defectos	30/10/2024
Publicación lista definitiva de solicitantes admitidos/as e excluídos/as	04/11/2024
Publicación da Resolución Final	15/11/2024